



FEDERACIÓN GALEGA DE  
TENIS DE MESA  
Luis Ksado 17 Local 20 36209 –  
Vigo (Pontevedra)Web:  
[www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [direcciondeportiva@fgtm.es](mailto:direcciondeportiva@fgtm.es)  
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

CIRCULAR Nº 8

TEMPORADA 2022/23

## DETECCIÓN DE TALENTOS 2023

---

Co obxectivo de realizar un seguimento máis exhaustivo dos novos xogadores galegos, a Dirección Deportiva da Federación Galega de Tenis de Mesa convoca para o próximo **martes 21 de Febreiro de 2023** dúas concentracións de Detección de Talentos.

Os horarios serán:

- **10:30 a 13:30 h:** para xogadores/as nados no 2014 ou posterior (máximo 26 prazas).
- **15:30 a 18:30:** para xogadores/as nados no 2010 ou posterior (con preferencia para xogadores alevíns e benxamíns) (máximo 20 prazas).

En ambos casos as prazas cubriranse por orde de inscrición, tendo preferencia na segunda concentración os xogadores benxamíns en primeiro lugar, alevíns en segundo lugar e prebenxamíns en caso de quedaren prazas libres.

As concentracións realizaranse na **Sala de Tenis de Mesa do Complexo Deportivo Juanito Amigo de Sigüeiro (Oroso)** e estarán dirixidas polo Director Deportivo da FGTM Valeri Malov axudado por sparrings (número a determinar en función das inscricións recibidas). Os sparrings interesados en acudir ás mesas poderán enviar a súa solicitude no seguinte enlace: <https://forms.gle/8eRoPATNGK1SuFY5A>

Tódolos xogadores deberán contar coa súa licenza en vigor no momento da inscrición. Os clubs poderán realizar a inscrición dos seus xogadores mediante o seguinte formulario: <https://fgtm.es/images/documentos/DeteccionTalentos.xlsx> que deberán enviar cuberto antes do **13 de Febreiro de 2023 ás 14:00 h** a [direcciondeportiva@fgtm.es](mailto:direcciondeportiva@fgtm.es).

Vigo, 30 de Xaneiro de 2023

Valeri Malov  
Dirección Deportiva FGTM